



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE LA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN Y UNIVERSIDAD Y LA UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED) PARA LA REALIZACIÓN DE LAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES (PRÁCTICUM) DE LOS TÍTULOS DE GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL; CERTIFICADO OFICIAL DE LA FORMACIÓN PEDAGÓGICA Y DIDÁCTICA QUE HABILITA PARA EL EJERCICIO DE LA DOCENCIA; GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL; GRADO EN PEDAGOGÍA Y GRADO EN PSICOLOGÍA.

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos/das estudantes de grao de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da UNED co obxectivo de contribuír á formación integral do alumnado universitario, de xeito que se complemente a súa aprendizaxe teórica e práctica, se facilite o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que se desenvolverán e se favoreza o desenvolvemento das súas competencias técnicas, metodolóxicas e persoais.

Asemade a colaboración na formación práctica permitirá aliñar a formación inicial dos futuros profesionais coas competencias profesionais docentes que precisarán, e que se derivan do desenvolvemento actual e das necesidades futuras dos sistemas educativos.

No ano 2010 asinouse un convenio similar a este entre a Consellería e a UNED que, dado que transcorreron máis de catro anos desde a súa sinatura, perdeu a súa vixencia.

Polo indicado anteriormente, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considera conveniente a sinatura deste convenio de cooperación educativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

